

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN VIGUESA DE ALCOHOLOGÍA “ASVIDAL” PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS E TRASTORNOS ADICTIVOS.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2018

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 2 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E DOUTRA: Don Manuel Francisco Pino Raso, presidente da asociación Viguesa de Alcohología “ASVIDAL” con NIF: G-36627453, que actúa en nome e representación da mesma,

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

SEGUNDO.- Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

Así mesmo, a dita subdirección, segundo o Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, asumiu as funcións asistenciais que se lle asignaban ao Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro, polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas.

Segundo o artigo único da Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde, os centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas que reciban financiamento da Comunidade Autónoma dependerán funcionalmente, en canto ao desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área.

TERCEIRO.- Que a asociación Viguesa de Alcohololoxía “ASVIDAL” é unha asociación privada sen ánimo de lucro que desenvolve programas de intervención e asistencia a condutas adictivas prioritariamente de carácter sanitario e que conta cos recursos humanos e materiais necesarios para desenvolver as actividades recollidas neste convenio.

Neste sentido, os dispositivos asistenciais da asociación contan coa debida autorización segundo o establecido na normativa vixente en materia de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios de asistencia as drogodependencias na Comunidade Autónoma Galega.

A asociación Viguesa de Alcohololoxía “ASVIDAL” cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTO.- Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións conxuntas en materia de asistencia aos trastornos adictivos na Comunidade Autónoma Galega para acadar o fin común, que é o tratamento, a incorporación social e a recuperación destes pacientes.

Tendo en conta o exposto, ámbalas dúas partes consideran necesario o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para acadar un mellor funcionamento dos servizos sanitarios e unha mellora na saúde da poboación.

Por todo iso, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da asociación Viguesa de Alcohololoxía “ASVIDAL”, de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outros trastornos adictivos atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia no tocante á atención especializada e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións

sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

No desenvolvemento da súa actividade se colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes especialmente no tocante a patoloxías de elevada comorbilidade como as enfermidades transmisibles e a enfermidade mental.

Os usuarios contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación previsto no Plan de Trastornos Adictivos da Comunidade Autónoma.

SEGUNDA.- A prestación dos devanditos servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo asistencial nos diferentes dispositivos da asociación.

TERCEIRA.- A asociación Viguesa de Alcohololoxía “ASVIDAL” comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e asume, ademais, os seguintes compromisos:

- a) Cumprir ás directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo Servizo Galego de Saúde.
- b) Realizar os rexistros necesarios do historial do paciente de acordo coas instrucións do Servizo Galego de Saúde e conforme o disposto a Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado y da historia clínica dos pacientes. Os profesionais sanitarios que precisen cumprimentar datos ou consultar a historia clínica electrónica utilizarán IANUS como principal ferramenta de traballo, sen prexuízo do uso de ferramentas informáticas específicas incluídas no catálogo corporativo e integradas neste.
- c) En caso de producirse, por parte da entidade, denegación de solicitude de admisión ou de entrada ou reentrada a algún programa, remitirase a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial no prazo de 10 días naturais un informe xustificativo onde se faga constar o motivo desta.
- d) Deberán ter actualizados os rexistros e sistemas de información de tal maneira que poidan remitir á Subdirección Xeral de Planificación e Programación asistencial con periodicidade trimestral unha memoria da actividade dos usuarios e outros indicadores segundo as variables descritas a continuación, asinada electrónicamente. Para isto e a modo orientativo se facilitará tras a entrada en vigor do convenio un modelo en formato exportable a folla de cálculo.
 - Número de admisións e readmisións (diferenciando homes e mulleres) especificando o dispositivo de procedencia (atención primaria, saúde mental, outros servizos do SERGAS, centros penitenciarios, servizos sociais, iniciativa propia) .
 - Número de intervencións realizadas (diferenciando primeiras consultas do resto da actividade).

- Volume de pacientes homes e mulleres a tratamento segundo programa (alcohol, tabaco, xogo, outras adiccións).
 - Tempo medio de espera para inicio de tratamento .
 - Número de usuarios homes e mulleres derivados a programas de desintoxicación hospitalaria, indicando o tipo de programa que se solicitou.
 - Número de usuarios homes e mulleres derivados a vivendas de apoio ao tratamento ou a comunidade terapéutica, indicando cal se solicitou e se foi admitido ou non.
 - Número de accións formativas comúns e integradoras para os profesionais de saúde mental e trastornos adictivos.
 - Volume de pacientes homes e mulleres en programa de patoloxía dual.
- e) Colaborar coas medidas que o Servizo Galego de Saúde considere conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe este convenio.
- f) Comunicar á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade en Pontevedra calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal conforme a normativa vixente en materia de autorización de centros sanitarios.
- g) Coordinarse cos servizos de psiquiatría e saúde mental do seu ámbito de actuación, en orde á dependencia funcional en canto ao desenvolvemento dos programas de intervención do responsable de saúde mental de área.

CUARTA.- Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de cento oitenta mil seiscientos corenta e catro euros (**180.644 €**) con cargo a aplicación orzamentaria **5001.413A.481.25**, co código de proxecto **201400029**, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

QUINTA.- No desenvolvemento da súa actividade a entidade e os seus profesionais axustaranse á normativa sobre protección de datos e acceso á historia clínica do Servizo Galego de Saúde. Facilitarase por parte do Servizo Galego de Saúde un aplicativo informático específico para a xestión de datos xerados no desenvolvemento dos programas terapéuticos

SEXTA.- A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei de subvencións de Galicia.

SÉTIMA. A contía indicada na cláusula cuarta farase efectiva do seguinte xeito:

Tras a sinatura do convenio, e sempre que a actividade comezase previamente á sinatura do convenio, poderanse realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo a súa xustificación por un importe de ata un máximo do 25% da contía total do convenio, que a asociación deberá solicitar presentando a seguinte documentación:

- Solicitude do pago anticipado.

- Memoria descriptiva das actividades a realizar durante a vixencia do convenio.
- Declaración responsable na que se indique o número de conta onde queren que se realice o ingreso.
- Declaración responsable de que a asociación está ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, e de que non ten pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma galega, nin é debedora por resolución de procedencia de reintegro. Así mesmo, debe constar que a asociación se compromete a manter eses requisitos no periodo de tempo relativo ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención.

Ademais, poderanse realizar pagamentos parciais, a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando as facturas e demais documentos de valor probatorio e a documentación acreditativa de pago que xustifique que o gasto foi efectivamente pagado e ocasionado polo desenvolvemento das actividades conveniadas, xunto cunha relación ordenada e detallada destes dos gastos. Esta relación ordenada de gastos se documentará segundo as variables indicadas o anexo 1 en formato electrónico editable e exportable a libre office calc.

A data límite e improrrogable para presentar a solicitude e documentación dos pagos parciais será o 5 de novembro de 2018.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que no seu caso se houberan concedido non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada incluíndo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

OITAVA. A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando, mediante a sede electrónica da Xunta de Galicia, a seguinte documentación escaneada e asinada electronicamente:

- a. Xustificantes de gastos ocasionados e pagos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada destes.
- b. Declaración dos programas realizados e financiados con este convenio indicando o custo total repercutido para a entidade.
- c. Certificación da Asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.

d. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

1. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.
2. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os realizados dende o 1 de decembro do 2017 ata o 30 de novembro de 2018.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 5 de decembro de 2018. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, aos efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueles outros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificadas e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibí do proveedor para gastos de escasa contía para pagos inferiores a 1000 euros.
4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá informe favorable de ser conforme.
5. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días naturais para a súa corrección.
6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cando as actividades teñan sido financiadas ademais de con esta subvención con fondos propios ou outras subvencións ou recursos deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos a actividade subvencionada.

NOVENA.- Con data límite do 30 de novembro de 2018 a asociación deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria das actividades realizadas obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como Anexo 2 a este convenio.

DÉCIMA. Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado “PRESENTACION ELECTRONICA DE SOLICITUDES , ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRONICO NORMALIZADO” (PR004A) dirixíndoas a atención da Dirección de Asistencia Sanitaria.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes da asociación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será a persoa competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e pola Lei 40/2015 do 1 de outubro, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO TERCEIRA.- A subscripción deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da asociación “ASVIDAL” que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO CUARTA.- Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA.- A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercizo das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da

Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018.

DÉCIMO SÉTIMA.- Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en cuadruplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

**POLA ASOCIACIÓN VIGUESA DE
ALCOHOLOGÍA “ASVIDAL”**

Jesús Vázquez Almuíña

Manuel Francisco Pino Raso

ANEXOS

ANEXO 1: MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0.00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0.00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0.00 €	

ANEXO 2 :MEMORIA FINAL

1. Características básicas do dispositivo: data de inicio do funcionamento do centro, organigrama no que se determine a responsabilidade dos servizos prestados, horario de funcionamento do centro, localización, número de despachos.
2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión, formación e investigación), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias e tipo de contrato.
3. Actividades realizadas:
 - Pacientes atendidos no ano natural.
 - Medidas de coordinación establecidas con outras entidades do ámbito das adiccións da área sanitaria de referencia (dispositivos asistenciais ou de intervención social, dispositivos de atención a saúde mental e de atención primaria, entidades adicadas ao desenvolvemento de programas de intervención xurídico social e outras coas que se traballe en rede para a atención integral dos pacientes obxecto do presente convenio) detallando a frecuencia aproximada.
 - Actividades de investigación publicadas ou presentadas en congresos científicos.
 - Relación detallada de xornadas, cursos, congresos científicos e outras actividades formativas realizadas ao longo da vixencia do convenio, especificando os profesionais implicados nas mesmas, e o seu grado de participación.
4. Balance de ingresos e gastos:
 - 4.1. Ingresos:
 - Informe que inclúa a contía de todas as axudas económicas recibidas e a súa orixe e data de percepción (subvencións, doazóns e legados).
 - Débedas con entidades de crédito.
 - Ingresos e beneficios, se é o caso, de exercicios anteriores.
 - Ingresos por cotas de socios e outros ingresos: ingresos financeiros, por actividades de recadación.
 - 4.2. Gastos:
 - Gastos de persoal: retribucións básicas e complementarias, cotas á seguridade social, gastos de formación ao persoal, gastos de viaxes.
 - Gastos de mantemento: arrendamento/alugueiro, reparación e conservación, contratación de servizos, transportes, primas de seguros, subministracións, material de oficina, limpeza, traballos realizados por outras empresas.
 - Tributos.
 - Gastos e perdas de exercicios anteriores.
 - Especificar outros gastos: financeiros, amortización de débedas.
5. Reclamacións presentadas polas persoas usuarias: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polas persoas usuarias no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.